



ROGO PARA A RENOVACIÓN DA PUBLICIDADE ESTÁTICA DO CONCELLO EN EVENTOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En diversas ocasións temos constatado a presenza de soportes de publicidade estática da institución municipal en eventos organizados ou participados polo Concello de Santiago que se atopan en mal estado de conservación.

Deste xeito, o principal efecto que se obtén é unha imaxe negativa que a todos nos debe preocupar, posto que se proxecta unha imaxe de desleixo e de abandono que nin é representativa da cidade nin do conxunto da Corporación Municipal.

En consecuencia, presentamos o seguinte rogo:

Que por parte do Concello se proceda, coa maior dilixencia posible, a renovar os estragados soportes publicitarios do Concello que se colocan nos diferentes eventos organizados ou participados pola administración local, así como aqueles que se sitúan nas distintas instalacións municipais, especialmente nas deportivas.

Santiago de Compostela, a 10 de xaneiro de 2017.

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular